

Igrexa parroquial de San Lourenzo

010106

Datos de Localización

Igrexa

Nomenclator:	3200506
Coord. UTM:	X: 599291 Y: 4643002
Concello:	Baltar
Parroquia:	TOSENDE
Lugar:	Tosende
Tipoloxía:	Arquitectura Religiosa
Tipo:	Igrexas
Subtipo:	Igrexa



Denominación: Igrexa parroquial de San Lourenzo

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Na zona máis alta do núcleo de Tosende no barrio do Cruceiro, atópase esta igrexa de boa sillería con planta rectangular dunha soa nave e cuberta de tella a dúas augas. No seu lateral dereito sitúase a sancristía con dous pequenos vanos rectangulares. No libro 4.13.7 atópanse unha serie de referencias sobre a súa construción. Fol. 27. Obra da sancristía da igrexa. "Entregosse a los maestros de pedreria que hicieron la secrestia desta Yglesia quatrocientos y quarenta reales= dos carpinteros ducientos y quarenta que en todo hazen seiscientos y ochenta que en todo hazen seiscientos y ochenta reales que esta cantidad en que fue concertada dicha obra = dio mas el Abbad Don Juan Gutierrez ademas de dicho concierto tres hanegas y media de pan de su tulla a los maestros de dicha secrestia a treinta reales la hanega que cobro de dichas primicias importan ciento y cinco reales". Fol.27v: No ano 1716 estaba a sancristía sen rematar, xa que o abade relaciona unha serie de gastos do caudal das primicias."... Para perfeccionar la sachristia que estaba comenzada...". Os gastos que se dan son de tella, o retellador, o porte da cal e a persoa que a aplicou, enlosar a sancristía...

A fachada principal consta, de porta lintelada decorada con molduras que nas esquinas toman forma acobadada, sobre pilastras con plinto e escocia, e moldura superior que continúa polos laterais nunha cornixa. O remate de espadana con dobre arco de medio punto con volutas nos extremos, coroada con frontón triangular con vano e cruz florenzada.

Na parte traseira en dous sillares diferentes, aparece gravada unha data e unha cruz latina.

O edificio, o adro e o cemiterio están rodeados por un muro de perpiaño rematado con sillares de forma troncopiramidal e con banco corrido na súa cara interna, e na zona frente á portada. Este muro tería dúas zonas de paso, a principal con cancela de ferro e decorada con pináculos piramidais de formas bulbosas, e unha no lateral esquerdo da igrexa, agora tapiada, e que está decorada con dúas cruces lisas, unha de sección circular e outra gallada que flanquean un travesaño de cruz coas imaxes dunha Virxe e o torso e pés dun Cristo.

O cemiterio orixinal está formado por unha serie de lápidas dispostas polo chan de modo arbitrario. O actual atópase na parte traseira do edificio. Aos pés da entrada hai un enlousado de pezas cuadrangulares agrupadas de tres en tres e enmarcadas por peza lonxitudinal e estreita. Algunhas das lousas presentan unha abertura rectangular e estreita.

Nesta feligresía existía unha ermida adicada a San Adriano. Descoñécese a súa ubicación. Así no libro 4.13.6

aparecen varias referencias:

fol.41v., "Por quanto su merced esta Ynformado, que ay algunos devottos, que (acuden o aiuden?) a la fabrica de la Hermita que ttiene esta feligresia, manda su merced que quanto antes se fabrique en sittio mas dezente y convenientte, y en defecto se demuela".

fol.46. Visita do 5 de Xuño de 1764. "...ay una Hermita de San Adriano, que no esta decente"

"atento la Capilla de San Adriano esta indecente manda su Merced que el referido Abad notifique a los vecinos de uno, y otro lugar que dentro de dos meses la retegen, y compongan, y no queriendo hacerlo, pase ademolerla, colocando la ymagen del santo en la Yglesia o en otra capilla, que quiere hacer en sitio mas commodo, y con la debida decencia, para que se le concede la licencia necesaria"

fol.48v. Visita do 11 de Outubro 1766. Segue habendo a ermida de San Adriano

fol.53v. Visita do 26 de Xuño de 1769. "...ay una hermita de San Adrian, que está indecente"

DOCUMENTACION:

-Ficha de inventario del patrimonio arquitectónico de Interés Histórico Artístico del Ministerio de Cultura.

-Ficha Inventario artístico.

-A.H.D.OU.

TOSENDE:

Libro 4.13.7.

Libro 4.13.6.

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos: Na parte traseira aparecen gravados unha cruz e a data "1719".

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles















